

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 28 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería e polo Servizo Galego de Saúde no primeiro cuadrimestre do ano 2010.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para cumprir esa obriga, por medio desta resolución dáselle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2010, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010.

P.A. (Decreto 310/2009, artigo 6.1º c)

Ramón Martínez Blanco

Vicesecretario xeral da Consellería de Sanidade

ANEXO

Convenio	Importe (€)	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia.	96.398,32	17-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Cerdedo sobre asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde de Cerdedo.	Sen achega económica	19-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Vilalba sobre asunción dos custos de mantemento do centro de saúde de Vilalba.	Sen achega económica	11-12-2009
Acordo de prórroga para o ano 2010 do convenio vixente entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue do 12 de xullo de 2002.	63.674,00	21-12-2009
Addenda ao convenio de colaboración en materia sanitaria entre o Ministerio do Interior (Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias) e o Servizo Galego de Saúde.	Sen achega económica	30-12-2009
Terceira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a <i>Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria</i> (Fegas) para o ano 2009, asinado o 15 de maio de 2009.	Sen achega económica	31-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Láncara sobre asunción dos custos de mantemento do centro de saúde de Láncara.	Sen achega económica	28-1-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Ponte Caldelas sobre asunción dos custos de mantemento do centro de saúde de Ponte Caldelas.	Sen achega económica	28-1-2010
Addenda ao convenio de colaboración entre o Centro de Investigación Biomédica en Rede de Bioxenaría, Biomateriais e Nanomedicina e a Consellería de Sanidade.	Sen achega económica	1-2-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e a <i>Fundación María José Jove e a Sociedade de Pediatría de Galicia</i> para a formación avanzada en saúde infantil e xuvenil.	Sen achega económica	26-4-2010
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a <i>Fundación Monte do Gozo</i> para o desenvolvemento do programa terapéutico educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e do programa de tratamento e rehabilitación en réxime de comunidade terapéutica da dependencia alcohólica.	1.008.333,00	30-4-2010

Convenio	Importe (€)	Data sinatura
Convenio de colaboración entre o Instituto Nacional de Estadística, o Instituto Galego de Estadística e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para a realización das estatísticas do movemento natural de poboación e defuncións segundo a causa da morte.	Sen achega económica	8-3-2010

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se fixa o prezo de venda ao público dun dobre CD da Consellería de Cultura e Turismo, con músicas pertencentes ao Códice Calixtino e á tradición xacobe medieval europea.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitir o informe favorable pola Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:**Artigo único.**

1. Queda aprobado o prezo privado de venda ao público do dobre CD con libriño *Canto de Ulteira. Músicas de Santiago de Compostela, Séc. XII. Codex Calixtinus, cantos de peregrinos*, interpretado polo Grupo de Música Antiga Resonet e promovido polo Museo das Peregrinacións e de Santiago, da Consellería de Cultura e Turismo.

2. O prezo de venda ao público será de 18 euros, IVE incluído.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010.

Roberto Varela Fariña

Conselleiro de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 29 de xuño de 2010 pola que se convoca o Programa Xuventude Crea.

O Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comuni-

dade Autónoma de Galicia en materia de cultura, específica no seu anexo I.B.3.h que aquela asume as competencias de promoción e organización de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico, artesanal, turístico e de aire libre, dirixidas aos sectores da xuventude, infancia, terceira idade e sectores marxinados.

A Consellería de Traballo e Benestar, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano competente da Administración autonómica ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de, entre outras, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Polo exposto, a Consellería de Traballo e Benestar, consciente da importancia que ten facilitar vías polas que poida manifestarse a inxerencia artística individual e colectiva da xuventude galega convoca unha serie de actividades que abranguen un amplo abano de manifestacións de carácter artístico e que constitúen o Programa Xuventude Crea.

Por todo isto,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I PARTE XERAL

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto establecer as bases que rexen o Programa Xuventude Crea, e proceder á súa convocatoria para o ano 2010 pola Consellería de Traballo e Benestar e que inclúe as especialidades de teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, deseño de xoias e monólogos.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

As actividades que impliquen o desenvolvemento deste programa serán custeadas con cargo á partida orzamentaria 12.07.313A.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cunha contía de 128.000 euros.

Artigo 3º.-*Destinatarios.*

1. Poderán solicitar a participación os mozos ou mozas galegos ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2010, agás o establecido no capítulo II segundo cada especialidade.

2. Non poderán participar nunha especialidade aquelas persoas que gañasen o primeiro premio desa mesma especialidade na edición do ano anterior.

3. Enténdese por profesional para os efectos desta disposición, aquela persoa que mantén unha relación contractual permanente ou ocasional con algunha empresa vinculada á especialidade concreta en que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que está dado

de alta como autónomo nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

4. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual.

5. A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nesta disposición, e unicamente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas, así como para decidir a suspensión dunha especialidade no caso de non acadarse unha participación mínima de dez solicitantes logo de comunicación a estes.

6. A información contida neste artigo debe ser cumprimentada co disposto no capítulo II. (Parte específica).

Artigo 4º.-*Inscricións.*

1. A solicitude dos participantes deberá facerse no impreso de solicitude (anexo I).

2. Esta solicitude irá acompañada:

2.1. Se é o caso, da obra ou da documentación que corresponda de acordo co disposto na parte específica para cada especialidade concreta. Tanto na obra como na documentación citada non figurarán datos que identifiquen o autor ou autora.

2.2. Dun sobre pechado en cuxo exterior figurará exclusivamente o título e o pseudónimo do autor ou da autora, e no cal irá o boletín de inscrición (anexo II) debidamente cuberto, xunto coa seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI polas dúas caras ou de documento oficial que acredite suficientemente a identidade (se o participante é un grupo será a de todos os membros do grupo), no caso de que o interesado/a non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. No caso da especialidade de teatro, achegarase ademais a fotocopia do CIF do grupo.

-No caso de que o participante sexa menor de idade autorización do pai/nai ou titor/a legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada.

-No caso dos mozos e mozas non galegos, residentes en Galicia, ademais do documento oficial que acredite suficientemente a identidade, certificado de empadramento, no caso de que o interesado/a non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

-Declaración responsable na cal quede constancia de que non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa vinculada á especialidade concreta en que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que non está dado de alta como autónomo nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

-Declaración responsable en que quede constancia de que a obra non foi premiada en ningún outro certame ou concurso no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, e de que é inédita no caso das especialidades de relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, monólogos e carteis.

-No caso de teatro, moda, música e graffiti, certificación orixinal acreditativa do número de conta bancaria (vinte díxitos) do seu titular, que no caso do teatro terá que corresponder co titular do CIF do grupo.

-Calquera soporte audiovisual que se envíe (CD, DVD...) deberá ter as óptimas condicións de visionado e gravado.

3. As solicitudes poderán presentarse xunto co resto da documentación nos rexistros das seguintes dependencias administrativas:

-Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Ed. administrativo San Lázaro, s/n, 3º

15781 Santiago de Compostela

-Consellería de Traballo e Benestar

Delegación Provincial da Coruña

R/ Enrique Mariñas, s/n (ed. Proa)

Matogrande

15009 A Coruña

-Consellería de Traballo e Benestar

Delegación Provincial de Lugo

Rolda da Muralla, 70

27071 Lugo

-Consellería de Traballo e Benestar

Delegación Provincial de Ourense

Camiño Prado Lonia, s/n

32872 Ourense

-Consellería de Traballo e Benestar

Delegación Provincial de Pontevedra

R/ Concepción Arenal, 8

36201 Vigo

-Oficina Local de Pontevedra

R/ Fernández Ladreda, 43, 2º andar

36003 Pontevedra

-Oficina Local de Ferrol

Ed. administrativo

Praza Camilo José Cela, 1º

15403 Ferrol

Todo isto, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A información contida neste artigo debe ser cumprimentada co disposto no capítulo II. (Parte específica).

Artigo 5º.-*Prazo de presentación das solicitudes e emenda de defectos.*

1. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta disposición no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de agosto de 2010.

2. Se na solicitude se aprecian defectos ou falta de documentación, por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42º.

Artigo 6º.-*Protección de datos de carácter persoal.*

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos recollidos ao abeiro desta disposición, que se consideran exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e adecuados, serán incorporados ao ficheiro Xuventude Crea, do cal é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, cuxa finalidade é a convocatoria, xestión e difusión do contido e resultado do programa, así como das obras e artistas premiados. Os datos recollidos non serán cedidos a terceiros, agás que algunha lei o prevea. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3º, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 7º.-*Comisión de selección.*

Constituirase unha comisión de selección, cuxos membros serán nomeados pola conselleira de Traballo e Benestar para cada especialidade, por proposta do director xeral de Xuventude e Voluntariado, e estará integrada por un presidente, un secretario e un máximo de cinco vogais. Actuará como presidente o director xeral de Xuventude e Voluntariado ou a persoa en quen delegue, como vogais actuarán profesionais e expertos de recoñecido prestixio na especialidade concreta que se valore, e a secretaria recaerá nun funcionario da Consellería de Traballo e Benestar con voz, pero sen voto.

Os nomes dos integrantes de cada unha das comisións de selección serán publicados na páxina web

www.xuventude.net con anterioridade ás reunións que se levarán a cabo.

As decisións da comisión de selección serán inapelables.

Artigo 8º.-*Tramitación e resolución.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 5º desta disposición, as solicitudes dos mozos e mozas que non cumpran os requisitos establecidos nesta disposición non serán admitidas a trámite, e ditarase para o efecto a oportuna resolución.

2. As demais solicitudes remitiranse á comisión de selección, que examinará e valorará as diferentes obras en función da súa calidade, propondrá a adxudicación de tres premios por especialidade e redactará a proposta de resolución.

Corresponderá ditar a resolución ao director xeral de Xuventude e Voluntariado, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.

3. A resolución será notificada a todos os solicitantes no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente, contra o cal cabe recurso contencioso-administrativo que se interpoñerá no prazo de seis meses. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto é expreso, ou no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A relación de premiados de cada especialidade será publicada na páxina web www.xuventude.net

Artigo 9º.-*Obras e premios.*

1. Cada participante poderá presentar unha obra por especialidade ou por modalidade.

2. As obras presentadas polos participantes non poderán ter sido premiadas, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, noutros certames ou concursos.

3. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado quedará eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente en que, en materia de propiedade intelectual, puídesen incorrer os participantes.

4. Establécense os seguintes premios por especialidade (teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, deseño de xoias e monólogos):

-Un primeiro premio de 3.000 €.

-Un segundo premio de 1.500 €.

-Un terceiro premio de 1.000 €.

Ademais dos premios anteriores, os gañadores nas especialidades de teatro, música e monólogos, farán dúas actuacións no caso dos primeiros premiados e unha actuación para os segundos e terceiros, nos lugares que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Poderanse outorgar mencións de honra, que carecerán de dotación económica, nas diferentes especialidades a aquelas obras que, a xuízo da comisión seleccionadora, acaden a suficiente calidade.

5. Cada participante non poderá recibir máis que un premio por especialidade.

6. Estes premios serán complementados de acordo co disposto na parte específica de cada especialidade.

7. As contías dos premios obxecto desta convocatoria serán únicos e estarán suxeitos ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

8. Entregaranse diplomas a todos os premiados e aos finalistas.

9. Segundo a calidade das obras poderían ser declarados desertos ou compartidos algúns dos premios. Neste último caso, a contía do premio que se repartirá, será de xeito directamente proporcional ao número de obras premiadas.

Artigo 10º.-*Destino e devolución das obras.*

1. As obras dos participantes premiados quedarán en posesión da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá desenvolver as accións que considere oportunas encamiñadas á difusión dos traballos seleccionados de todas as especialidades incluídas nesta convocatoria.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso de traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dos dereitos de edición.

O feito de participar nesta convocatoria supón a autorización dos participantes, á favor da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, para montar exposicións e/ou para a exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido das obras presentadas por calquera medio que se considere oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

3. Os autores e as autoras quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os arquivos de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

4. As obras dos participantes non premiados ou, de ser o caso, calquera outro material presentado no seu lugar, deberán ser retiradas por eles ou pola persoa autorizada no lugar que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación coa decisión da comisión de selección.

Transcorrido este prazo, as obras non retiradas quedarán á disposición da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que poderá darlles o destino que coide oportuno.

CAPÍTULO II
PARTE ESPECÍFICA

SECCIÓN PRIMEIRA
TEATRO

Artigo 11º.-*Condicións xerais.*

1. Poderán concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegos ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2010. Admitirase que ata un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre 14 e 16 anos.

En calquera caso, tanto os integrantes da dirección como o do equipo técnico non se verán afectados polo disposto no artigo 3º.1. desta disposición.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os grupos participantes presentarán:

-Listaxe dos compoñentes do grupo, indicando a idade e a función.

-Unha síntese da obra (título, autor/a e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestuario, espazo que se precisa...).

-DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009.

En todo caso a gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para a súa correcta visión.

3. As representacións serán en lingua galega.

4. As obras poderán ser de autores ou autoras galegos, españois ou estranxeiros.

5. Poderán presentarse obras orixinais.

6. A duración da representación de cada obra non poderá exceder dunha hora e trinta minutos.

Artigo 12º.-*Desenvolvemento.*

1. A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de seis grupos que serán os que representen as obras ante esta, no lugar e na data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado,

que asumirá os gastos orixinados polas representacións por un importe máximo de 650 € por grupo.

SECCIÓN SEGUNDA
ARTES PLÁSTICAS

Artigo 13º.-*Condicións xerais.*

1. Establécense as seguintes modalidades: pintura, escultura e fotografía.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

-Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas para que se poida realizar a valoración adecuada destas. As obras orixinais serán requiridas aos participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente cando a xuízo da comisión sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.

-Declaración responsable de que a obra presentada non forma parte doutra exposición e está en propiedade do autor ou autora.

-Ficha técnica da obra na cal se indicará o título, o ano de realización, a técnica empregada, as dimensións reais, así como o seu peso (isto último só no caso da escultura).

Artigo 14º.-*Desenvolvemento.*

1. Para a exposición a comisión seleccionará as obras que acaden a maior calidade artística, que se exhibirán no lugar e na data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no seu momento, porase en contacto cos autores e autoras das obras seleccionadas para a exposición, co fin de establecer as mellores condicións de entrega e recollida en cada caso, e ademais comunicará o lugar e a data en que terá lugar a exposición, todo isto sen prexuízo do disposto no número 8 deste artigo.

3. Os participantes seleccionados para a exposición presentarán as súas obras en perfecto estado e cos elementos necesarios para realizar a montaxe. Cando a súa complexidade o requira a montaxe faraa o autor ou autora.

4. As obras seleccionadas para a exposición serán enviadas empregando unha embalaxe cun material ríxido e suficientemente sólido que asegure a súa integridade.

5. As obras presentadas serán orixinais.

6. O tema e as técnicas serán libres.

7. As pinturas deberán levar marco ou bastidor.

8. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras,

aínda que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado subscribirá unha póliza que asegure, única e exclusivamente, as obras que sexan seleccionadas para a exposición e durante o tempo que esta dure, de ata un máximo de 600 € por obra.

SECCIÓN TERCEIRA
MODA

Artigo 15º.-*Condicións xerais.*

1. As coleccións deben ser orixinais.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

-Unha colección coherente de cinco modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato DIN A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas.

-Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección.

Artigo 16º.-*Desenvolvemento.*

1. A comisión seleccionará para a fase final dez participantes que confeccionarán a colección de cinco modelos obrigatorios, tendo en conta preferentemente os seguintes criterios: creatividade, experimentación formal nos deseños, selección de tecidos, colorido, patronaxe, volumes e texturas, e que se exhibirán no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado asumirá os gastos derivados da confección dos modelos por un importe máximo de 1.000 euros para cada un dos dez seleccionados.

Artigo 17º.-*Premios.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 9º desta disposición, cada un dos tres premiados terá un premio complementario de 3.000 € para a súa formación no ámbito téxtil.

SECCIÓN CUARTA
MÚSICA

Artigo 18º.-*Condicións xerais.*

1. Poderán concorrer solistas e grupos de pop, folk, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea.

Admitirase que ata un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos. Tamén poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical cos participantes que se presenten como solistas.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

-Maqueta en CD debidamente identificada, co pseudónimo e título, e gravada polos compoñentes

inscritos, con dous temas, que serán os que avaliará a comisión de selección, e unha duración máxima de dez minutos. Valorarase positivamente a utilización do galego, e en calquera caso un dos temas deberá ser en galego, agás que se trate de pezas instrumentais.

-Ficha técnica en que se detalle o título, duración e autoría dos temas presentados, seguindo a orde presentada na gravación.

-Fotografía recente do grupo ou solista.

-Relación nominal mecanografada dos/as compoñentes do grupo, con indicación da idade e do instrumento que tocan.

-Letras, se as houber, dos temas incluídos na maqueta, debidamente mecanografadas.

-Autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación na fase final do certame, no suposto de resultar seleccionado.

-Declaración responsable acreditativa de que o participante dispón dun repertorio dun mínimo de 30 minutos.

Toda esta documentación deberá presentarse en soporte papel e tamén en CD.

3. Os temas serán de creación propia e nunca antes editados comercialmente.

Artigo 19º.-*Desenvolvemento.*

1. A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de seis participantes que serán os que actuarán ante esta, no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que asumirá os gastos ocasionados pola actuación por un importe máximo de 600 € no caso de grupos ou de 300 € no caso de solistas.

2. Para as actuacións da fase final os participantes levarán os seus propios instrumentos, agás a batería, que será proporcionada pola organización.

3. O equipo técnico de son e luces proporcionarao a organización en coordinación cos grupos finalistas e será manexado polos técnicos da organización.

SECCIÓN QUINTA
RELATO BREVE

Artigo 20º.-*Condicións xerais.*

1. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

2. O tema será libre.

3. As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión máxima de 30 páxinas, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4, e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

SECCIÓN SEXTA
POESÍA

Artigo 21º.-*Condicións xerais.*

1. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.
2. O tema e a técnica serán libres.
3. As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 250 versos a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

SECCIÓN SÉTIMA
VIDEOCREACIÓN

Artigo 22º.-*Condicións xerais.*

1. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.
2. Quedan excluídas deste certame todas as obras que teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. O tema será libre, mais deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fora dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.

4. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

-Unha ficha técnica da obra na cal se inclúa o título, un breve argumento, a data e o lugar de realización, unha fotografía da videocreación e datos técnicos e artísticos de interese.

5. As obras poderán ser producidas en calquera formato de vídeo, pero deberán presentalo en DVD, onde figurará o título e o pseudónimo do autor ou autora.

En todo caso a gravación deberá estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe como de son, para a súa correcta visión, xa que en caso contrario a obra será rexeitada.

6. A duración de cada obra non poderá exceder os 12 minutos.

7. A realización das obras debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2009.

8. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado reserva para si o dereito a solicitar aos participantes unha copia en formato orixinal para a súa proxección pública.

9. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado reserva para si a posibilidade de utilizar un fragmen-

to da obra de ata un máximo de tres minutos, para a súa posible difusión nos medios de comunicación.

SECCIÓN OITAVA
BANDA DESEÑADA

Artigo 23º.-*Condicións xerais.*

1. As obras serán orixinais e inéditas.
2. A temática será libre, con textos en galego.
3. A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.
4. O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais.
5. Cada obra deberá levar pseudónimo e título.
6. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

SECCIÓN NOVENA
GRAFFITI

Artigo 24º.-*Condicións xerais.*

1. As obras serán orixinais, inéditas, e de ter texto, este estará en galego.
2. O tema e a técnica serán libres.
3. Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de tre membros.
4. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

-Proxecto orixinal da obra que se vai realizar en formato DIN-A3 (realizado á man e presentado a cor).

-Fotografías dos graffitis realizados máis recentemente polo solicitante (ou enderezo da internet onde se poidan ver os traballos).

Artigo 25º.-*Desenvolvemento.*

1. A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de nove participantes, que serán requiridos para realizar un mural de aprox. 4 m x 2 m ante esta, no lugar e na data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que asumirá os gastos de material por un importe máximo de 350 € por participante individual ou grupo. A selección realizarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: deseño, estrutura, tema e colorido (que deberán responder á maior calidade).
2. A xuízo da comisión, será motivo de descalificación a realización de graffitis fóra dos espazos e horarios asignados pola organización.

SECCIÓN DÉCIMA

CARTEIS

Artigo 26º.-*Condicións xerais.*

1. A participación será a título individual.
2. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.
3. O tema do cartel será libre.
4. A técnica será libre dentro dos límites usuais, para permitir unha normal reprodución fotomecánica.
5. As obras deberán presentarse sobre cartón, cartón pluma ou similar, en formato vertical, cunhas medidas máximas de 47 × 64 cm e presentaranse suficientemente protexidas e montadas sobre un soporte ríxido e desmontable que permita a súa perfecta exposición.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

6. En ningún caso se admitirán obras cuxo soporte supoña perigo para o seu almacenamento ou montadas con materiais que poidan danar a súa integridade.

Artigo 27º.-*Desenvolvemento.*

1. A comisión poderá seleccionar para a exposición as obras que acaden maior calidade artística, e serán exhibidas no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras, aínda que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado subscribirá unha póliza que asegure, única e exclusivamente, as obras que sexan seleccionadas para a exposición e durante o tempo que esta dure.

SECCIÓN DÉCIMO PRIMEIRA

DESEÑO DE XOIAS

Artigo 28º.-*Condicións xerais.*

1. A colección debe ser orixinal e estará composta por tres xoias.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

-Unha fotografía de cada unha das tres xoias que poderán ser tanto para home como para muller.

As fotografías das xoias deberán presentarse sobre unha folla de álbum de fotos, tamaño Din A-4 e mostrarse na escala máis próxima á real 1:1. Deben estar sen asinar e sen ningunha identificación do autor ou da autora.

-Na parte posterior da folla do álbum de fotos, incluírase unha ficha técnica da colección, onde se explicarán os materiais utilizados e todos os datos que sexan de interese na colección.

Sen prexuízo do anterior, as fotografías das xoias presentaranse tamén en CD.

Artigo 29º.-*Desenvolvemento.*

A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de 10 participantes, tendo en conta preferentemente os seguintes criterios: creatividade, selección de materiais, terminacións e acabados, e estas obras exhibiranse ante esta comisión no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, se fosen requiridos para iso.

SECCIÓN DÉCIMO SEGUNDA

MONÓLOGOS

Artigo 30º.-*Condicións xerais.*

1. Os textos dos monólogos deben ser orixinais, inéditos e escritos en galego.

2. O tema será libre.

3. Os monólogos, que deberán estar feitos a ordenador, terán unha extensión non superior a cinco folios e que non excedan os 10 minutos de representación.

4. A letra debe ser tamaño 12 e interlineado de 1,5. As follas deberán estar numeradas e presentarse un único exemplar.

Sen prexuízo do anterior, as obras deberán presentarse tamén en CD.

5. Se durante o desenvolvemento do concurso se proba que calquera dos textos foi plaxiado, en parte ou na súa totalidade, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado descualificará automaticamente ao concursante.

6. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado reserva para si o dereito a solicitar aos participantes unha copia en formato orixinal para a súa proxección pública así como a posibilidade de utilizar un fragmento do monólogo de ata un máximo de dous minutos, para a súa posible difusión nos medios de comunicación.

Artigo 31º.-*Desenvolvemento.*

A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de cinco participantes que serán os que representen os monólogos ante esta, no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar no director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar as oportunas resolucións no ámbito desta disposición.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta disposición.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO XUVENTUDE CREA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS310Q	DOCUMENTO IMPRESO DE SOLICITUDE
---------------------------------------	---	---

ESPECIALIDADE EN QUE PARTICIPA

<input type="checkbox"/> TEATRO	<input type="checkbox"/> ARTES PLÁSTICAS	<input type="checkbox"/> MODA	<input type="checkbox"/> MÚSICA	<input type="checkbox"/> RELATO BREVE	<input type="checkbox"/> POESÍA
<input type="checkbox"/> VIDEOCREACIÓN	<input type="checkbox"/> BANDA DESEÑADA	<input type="checkbox"/> GRAFFITI	<input type="checkbox"/> CARTEIS	<input type="checkbox"/> DESEÑO DE XOIAS	<input type="checkbox"/> MONÓLOGOS

MODALIDADE (SINALAR CUNHA CRUZ SÓ NO CASO DE SOLICITAR A ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS)

<input type="checkbox"/> PINTURA	<input type="checkbox"/> ESCULTURA	<input type="checkbox"/> FOTOGRAFÍA
----------------------------------	------------------------------------	-------------------------------------

PSEUDÓNIMO CO QUE SE PRESENTA

TÍTULO DA OBRA OU COLECCIÓN CON QUE PARTICIPA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de xuño de 2010 pola que se convoca o Programa Xuventude Crea.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Director xeral de Xuventude e Voluntariado



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO E
 BENESTAR

ANEXO II

PROCEDEMENTO XUVENTUDE CREA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS310Q	DOCUMENTO BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN
---	---	--

DATOS DO SOLICITANTE (POR FAVOR, ESCRIBA CON MAIÚSCULAS E LETRA CLARA)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
ESPECIALIDADE EN QUE PARTICIPA <input type="checkbox"/> TEATRO <input type="checkbox"/> ARTES PLÁSTICAS <input type="checkbox"/> MODA <input type="checkbox"/> MÚSICA <input type="checkbox"/> RELATO BREVE <input type="checkbox"/> POESÍA <input type="checkbox"/> VIDEOCREACIÓN <input type="checkbox"/> BANDA DESEÑADA <input type="checkbox"/> GRAFFITI <input type="checkbox"/> CARTEIS <input type="checkbox"/> DESEÑO DE XOIAS <input type="checkbox"/> MONÓLOGOS			

E, na súa representación (no caso de ser menor de idade):

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	PARENTESCO CO SOLICITANTE	
<input type="checkbox"/> PAI <input type="checkbox"/> NAI <input type="checkbox"/> TITOR/A <input type="checkbox"/> OUTROS			

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade e residencia no Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia do Ministerio da Presidencia.

Si Non (no caso de non outorgar autorización, deberá achegar copia do DNI e certificado de empadramento).

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos recollidos nesta solicitude, necesarios para a participación no Programa Xuventude Crea, que se consideran exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados serán incorporados ao ficheiro Xuventude Crea, do cal é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, e a finalidade do cal é a convocatoria, xestión e difusión do contido e resultado do programa, así como das obras e artistas premiados, e non serán cedidos a terceiros, agás que algunha lei o prevea. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3º, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña). Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro.

Autorizo expresamente o envío de información relacionada coas actividades, programas e outras campañas que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado promova e considere do meu interese.

DOCUMENTACIÓN XERAL

- FOTOCOPIA DO DNI POLAS DÚAS CARAS OU DE DOCUMENTO OFICIAL QUE ACREDITE SUFICIENTEMENTE A IDENTIDADE DO SOLICITANTE.
- AUTORIZACIÓN DO PAI/NAI OU TITOR/A NO CASO DE QUE O PARTICIPANTE SEXA MENOR DE IDADE.
- CERTIFICADO DE EMPADRAMENTO, NO CASO DE MOZOS OU MOZAS NON GALEGOS PERO RESIDENTES EN GALICIA.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE NON MANTÉN RELACIÓN CONTRACTUAL COA EMPRESA VINCULADA Á ESPECIALIDADE.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE A OBRA NON FOI PREMIADA EN NINGÚN OUTRO CERTAME OU CONCURSO, E DE QUE É INÉDITA, DE SER O CASO.
- CERTIFICACIÓN ORIXINAL ACREDITATIVA DO NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS). SÓ NO CASO DE TEATRO, MODA, MÚSICA E GRAFFITI.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 29 de xuño de 2010 pola que se convoca o Programa Xuventude Crea.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		

Director xeral de Xuventude e Voluntariado